



REGULAMENTO V COPA GALEGA DE SLALOM

TEMPADA 2008

ART. 1.- CALENDARIO E PROGRAMA

O calendario da *V Copa galega de Slalom*, desenvolverase mediante a celebración das catro competicións seguintes:

16-17/02/2008	1ª Competición	Fridao (Portugal)
24-25/05/2008	2ª Competición	Leiro- Copa de España
07-08/06/2008	3ª Competición	As Pontes (A Coruña)

O programa dacordo co numero de inscritos poderá ser o seguinte:

09:00 a 09,30 h.	Confirmación ou modificación das inscricións e reunión dos xefes de eq.
10:30 h.	Comenzo das mangas.
14,00 h.	Entrega de Trofeos

Excepto na segunda competición que será o horario da Copa de España.

ART. 2.- ORGANIZACIÓN

A **organización** técnica de cada unha das tres competicións que compoñen esta COPA corresponderá á Federación Galega de Piragüismo (F.G.P.) e a **os co-organizadores das mesmas**.

ART. 3.- COMITÉ DE COMPETICIÓN

Para cada unha destas competicións, será designado pola Xunta Directiva da F.G.P.

ART. 4.- XUÍCES DA COPA

Serán designados, para cada unha destas competicións, pola Xunta Directiva da F.G.P. a proposta do Comité Técnico de Árbitros.

ART. 5.- INSCRIPCIÓNS

Cada clube poderá inscribir como titulares o número de embarcacións que desexe por cada categoría e modalidade.

Aquelas embarcacións que non figuren inscritas como titulares, **NON PODERÁN PARTICIPAR**.



AS INSCRIPCIÓNS REALIZARÁNSE OBRIGATORIAMENTE NOS IMPRESOS ANEXOS Á PRESENTE INVITACIÓN.

A remisión á F.G.P. deberá facerse polo medio máis rápido e seguro. Se utiliza o fax debe indicar na 1ª follá o número de páxinas, incluída ésta, que se envían. É obrigatorio remitir tamén os orixinais para comprobar nesta Federación que a recepción do fax foi completa. En calquera caso, tanto o orixinal como se utiliza o fax, deben ter entrada nesta F.G.P. na data que máis adiante se indica, como data tope para cada unha das competicións que compoñen esta COPA, sendo rexeitadas todas aquelas inscricións que se reciban nesta F.G.P. con posterioridade á data indicada.

Serán devoltas as inscricións que non veñan cumprimentadas en todos os seus apartados (nome e apelidos dos palistas, número do Documento Nacional de Identidade, sinatura e selo do Clube, etc.) ou escritas con letra ilexible.

A data tope de recepción de inscricións na F.G.P., para cada unha destas competicións, é de **4 días antes da proba para a copa galega.**

ART. 6.- PENALIZACIÓN

Todas as embarcacións que se inscriban e non participen terán unha penalización de **30 €**. Tamén serán penalizadas con **18 €** as embarcacións anuladas, polo Xefe de Equipo do seu Clube, no acto de confirmación e modificación de inscricións

ART. 7.- PARTICIPACIÓN

Para que un Clube poida participar nesta COPA, será obrigatorio que cumpra os requisitos seguintes:

- a) Que o técnico de cada Clube se encontre en posesión de licencia de ámbito estatal en vigor, expedida ou habilitada pola Real Federación Española de Piragüismo, antes da finalización do prazo de peche de inscrición establecida para esta COPA.
- b) Que os técnicos de cada Club participante estean en posesión, como mínimo, do título federativo de Monitor, ou en proceso de consecución. Dándose un período dun ano para a obtención do correspondente título.
- c) Igualmente, non se permitirá a ningún técnico que sexa o adestrador de dous clubes ao mesmo tempo.
- d) Será obrigatorio que cada Clube nomee, mediante autorización por escrito, a un Xefe de Equipo maior de idade, en posesión de licencia en vigor expedida ou habilitada pola F.G.P.
- e) Só poderán participar nesta COPA, os Clubes galegos que teñan aboado á F.G.P., a cota de afiliación correspondente ao ano 2008.
- f) O incumprimento de calquera destes requisitos, levará consigo a non admisión do Clube en cuestión para participar nesta COPA.

Para que un palista poida participar nesta COPA, deberá cumprir os seguintes requisitos:

- Os palistas pertencentes aos Clubes que reúnan as condicións expresadas nos apartados anteriores, que estean provistos de licencia de competición 2008, expedida pola F.G.P., a R.F.E.P ou habilitada por esta última.

Ter a licencia de competición actualizada en 2008, **antes do día indicado de peche de recepción de inscricións que para cada competición sinalase no artigo 5 desta Invitación e Bases.**

ART. 8.- IDENTIFICACIÓN DOS PALISTAS.

A efectos de identificación, o Xuíz que realice a identificación solicitará ao palista o D.N.I., carnet de conducir, pasaporte ou outro documento que acredite a personalidade do palista. Realizaranse controis de auga no momento da saída polo que o palista debera ir identificado en todo momento.



ART. 9.- CATEGORÍAS.

Mulleres: Sénior, Xuvenil e Cadete.

Homes: Sénior, Xuvenil e Cadete.

Non poderán participar palistas de categoría Infantil.

ART. 10.- MODALIDADES.

Kayak: Mulleres Sénior, Xuvenil, Cadete K-1.

Homes Sénior, Xuvenil, Cadete K-1.

Canoa: Homes Sénior, Xuvenil, Cadete C-1.

Homes, Sénior, Xuvenil, Cadete C-2.

Poderan inscribirse en dúas modalidades (C1-K1, C1-C2, K1-C2).

ART. 11.- PUNTUACIÓN E CLASIFICACIÓN.

a) Puntuación individual.

FINAL ÚNICA:

Clasificación	Bonificación	Puntos
1	18 + 3	21
2	16 + 2	18
3	18 + 1	16
4		15
5		14
6		13
7		12
8		11
9		10

b) Puntuación por Clubes en cada competición.

A puntuación dun clube, obteráse coa suma de todas as puntuacións individuais.

c) Puntuación xeral da Copa.

Unha vez finalizadas as seis competicións que compoñen o Torneo, realizarase unha clasificación xeral por clubes co criterio seguinte:

a) Para poder puntuar os clubes é necesario ter participado en dúas das catro competicións do Torneo.

b) A clasificación xeral do Torneo obtense acumulando os postos conseguidos por cada clube nas seis competicións.

c) En caso de empate recorrerase á suma das puntuacións individuais do total das competicións.

ART. 12.- TÍTULOS.

Por Clubes:

Unha vez concluída a Copa, e de acordo coa clasificación xeral, o primeiro club clasificado obterá o seguinte título:

- **Clube campión da V Copa Galega de Slalom.**



ART. 13.- TROFEOS.

Individuais en cada competición:

Os palistas da embarcación campiona de cada proba, recibirán unha medalla dourada; prateada os da embarcación subcampiona e bronceada os que ocupen o terceiro lugar.

Por Clubes en cada competición:

- **Clube campión de cada competición.**
- **Clube subcampión de cada competición.**
- **Clube 3º clasificado de cada competición.**

Copa Galega:

Unha vez concluída a Copa, e dacordo coa clasificación xeral, AO PRIMEIRO CLUBE CLASIFICADO NA MESMA entregáraselle o trofeo correspondente como campión da V Copa Galega de Slalom-2008 no transcurso da Gala do Piragüismo de Galicia-2008.

ART. 14.- RECOLLIDA DE TROFEOS EN CADA COMPETICIÓN.

Os palistas gañadores deberán recoller o seu trofeo, inexcusablemente, co atuendo deportivo do clube ao que representan.

Naqueles casos en que por causas xustificadas, os gañadores non poidan recoller o trofeo, será obrigatorio que o recolla o Xefe de Equipo, e no caso de que tampouco fose retirado por este no acto de entrega de trofeos, xa non se faría entrega, posteriormente, do mesmo e o organizador podería retiralle parte da subvención, quedando, ademais, suxeito ás posibles responsabilidades de carácter disciplinario en que puidera incurrir, tanto o palista como o Xefe de Equipo.

Tamén será sancionado economicamente con 30,00 € o Clube ao que pertenza o palista que non cumpra o previsto neste artigo.

ART. 15.- REGULAMENTACIÓN.

A presente Copa rexirase en todos os seus aspectos polas normas establecidas nesta Invitación e, nos casos non previstos, polos Regulamentos da F.G.P. e da RFEP.

ART. 16.- RECLAMACIÓNS.

Calquera protesta referente ao dereito de participación dun equipo, deberá ser presentada ao Xuíz Árbitro.

Toda reclamación feita na competición, deberá dirixirse, por escrito, ao Comité de Competición e entregada en propia man ao Xuíz Árbitro, nun tempo máximo de 20 minutos despois de darse a coñecer as clasificacións ou de que ó Xefe de Equipo se lle notifique a decisión tomada en contra do seu competidor ou equipo e asine o acuse de recibo.

Todas as protestas deberán ser feitas por escrito e acompañadas dunha taxa de **18,00 €**. As taxas serán devoltas se a protesta é considerada.

As decisións do Comité de Competición son definitivas.

Os participantes terán dereito de apelación, segundo os Regulamentos da F.E.P. en forma e prazo.



ART. 17.- EQUIPO TÉCNICO.

Embarcacións:

As embarcacións deberán cumprir as normas de pesos e medidas establecidas nos Regulamentos da F.G.P. para esta especialidade. Quedando libre o largo da embarcación sempre que non pase dos 4,5 m.

Palistas:

Os palistas deberán estar equipados segundo as normas de seguridade desta especialidade, establecidas nos Regulamentos de la R.F.E.P.

Os palistas deberán levar o dorsal asignado previamente.

ART. 18.- ORDEN DE SALIDA.

A orde de saída das embarcacións realizarase en función do ranking galego, se é que se establece, ou ben por rigorosa orde de chegada das inscricións á FGP.

ART. 19.- PLANO DO CAMPO DE REGATAS.

A organización de cada competición, facilitará aos Clubes inscritos, o plano do campo de regatas e o trazado do percorrido.

ART. 20.- CONFIRMACIÓN E MODIFICACIÓN DE INSCRIPCIÓN.

Os Xefes de Equipo deberán confirmar a participación do seu equipo, e poderán realizar os **cambios e anulacions**, ata 1 hora antes do comezo de cada competición, non puidendose facer inscricións novas o día da competición.

ART. 21.- PRESUPUESTO DAS COMPETICIONS PUNTUAABLES

O presuposto de cada unha das competicións é o seguinte:

- Cantidade a aportar pob Organizador.....**1.500,00 € (son mil quinientos euros)**

Do total dos 1.500,00 €, aboarase o custe do Equipo Arbitral, informático e os trofeos. **O organizador debera encargarse do montaxe do campo de regatas.**

ART. 22.- PREMIOS.

Os tres primeiros clubs clasificados nesta COPA recibirán os premios cando se celebre a Gala do Piraguismo de Galicia.

ART. 23.- NORMAS DE OBRIGADO CUMPRIMENTO PARA ORGANIZADORES.

Para ser organizador dalgunha destas competicións, é necesario cubrir os seguintes requisitos:

a) Todas as competicións deben tener suscrita una póliza de responsabilidade civil e acreditado ante a F.G.P.

c) Ter o campo de slalom cun mínimo de 18 portas e un máximo de 25, sendo 6 delas de remonte. A última porta debe estar situada a unha distancia non inferior a 15 metros nin superior a 25 metros da liña de meta, con liñas de saída e chegada debidamente balizadas. Dispor de zona de embarque e desembarque facilmente practicable, así como dispor de zona de quecemento na saída.



O montaxe do trazado do percorrido do campo deberá ser feito dacordo coa persona que designe a Federación Galega de Piragüismo para tal cometido.

d) Médico e ambulancia.

e) Ter unha oficina montada e preparada para o equipo arbitral (equipación mínima: fotocopiadora, papel, máquina de escribir, ordenador e programa de xestión de resultados, toma de corrente, casillero para os clubs e persoal con medios suficientes que garantan a asistencia á competición en todas as súas necesidades).

f) Entregar aos clubs o programa de competición elaborado, orde de saída e plano do percorrido.

g) Dispor do equipo e persoal de salvamento adecuado, para asegurar a integridade física dos participantes e a recuperación do material, en caso de volco.

h) Megafonía ambiental e radio-teléfonos, que cubran as necesidades da competición.

i) Servicios, vestiarios e embarcadores adecuados para os participantes.

j) Trofeos ou medallas para os tres primeiros clasificados en cada proba.

k) Regulamento da proba exposto xunto ao taboleiro de resultados.

l) Entregar aos clubs dorsais. Estes deben ser correlativos dentro dunha mesma categoría.

m) Medios idóneos e suficientes para que os Xuíces poidan realizar o seu cometido.

ART. 24.- INFORMACIÓN.

Para calqueira información relacionada con esta Copa, pode consultarse á F.G.P. mediante a súa páxina web: <http://www.fegapi.org>
Telefonicamente ou por escrito.

Federación Galega de Piragüismo, rúa Italia nº 35 C.P.36162 Pontevedra

Teléfono: 986-842106

Fax: 986-851108

Correo: kayak-canoa@fegapi.org

Pontevedra, 8 de febreiro de 2008

O XERENTE

Vº Bº
PRESIDENTE



FEDERACIÓN GALEGA
PIRAGÜISMO



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE
Dirección Xeral para o Deporte

**IV COPA GALEGA DE SLALOM
TEMPORADA 2008**

1ª COMPETICIÓN EN

Clube: _____

INSCRIPCIÓN NUMÉRICA

		D.N.I.
XEFE DE EQUIPO		

RESUMEN DE PALISTAS INSCRITOS

	K-1	C-1	C-2	TOTAL
HOME SÉNIOR				
DAMA SÉNIOR				
HOME XUVENIL				
DAMA XUVENIL				
HOME CADETE				
DAMA CADETE				
TOTAL				

Data:
O Presidente do Clube

Federación Galega de Piragüismo
R/ Italia nº 35 - 36000 Pontevedra
Tfno.: 986-84.21.06 – Fax: 986-85.11.04



IV COPA GALEGA DE SLALOM
TEMPORADA 2008

1ª COMPETICIÓN EN

Clube: _____

INSCRIPCIÓN NOMINAL

		D.N.I.
XEFE DE EQUIPO		

	D.N.I.		Categoría
K-1 DAMA		1	
		2	
		3	
		4	

	D.N.I.		Categoría
K-1 HOME		1	
		2	
		3	
		4	

	D.N.I.		Categoría
C-1 HOME		1	
		2	
		3	
		4	

	D.N.I.		Categoría
C-2 HOME		1	
		2	
		3	
		4	

Unha folla para cada categoría

Data:
O Presidente do Clube: